

## CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 10 de xaneiro de 2008 pola que se nomea o tribunal que cualificará as probas de habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada do galego para outras linguas, e viceversa.*

Mediante o Decreto 267/2002, do 13 de xuño, regulouse a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego, e viceversa (publicado no DOG nº 182, do 20 de setembro de 2002), e establecéronse as titulacións e os requisitos necesarios para desenvolver estas tarefas, así como as probas necesarias para obter a citada habilitación.

Pola Orde do 11 de outubro de 2007, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, convocáronse as probas de habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada do galego para outras linguas, e viceversa (DOG nº 210, do 30 de outubro). No artigo 3 desta orde establecíase que o nomeamento dos membros do tribunal que cualificará as probas, así como dos asesores técnicos necesarios para a súa execución, se realizaría e se faría público unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, á vista do número de aspirantes para cada unha das habilitacións.

Polo tanto, de acordo co previsto no artigo 4 do Decreto 267/2002 e en uso das competencias atribuídas a esta consellería polo Decreto 231/2005, do 11 de agosto, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (publicado no DOG nº 155, do 12 de agosto de 2005),

### DISPOÑO:

1. O nomeamento dos membros do tribunal que cualificará as probas, así como dos asesores técnicos necesarios para a súa execución:

Cargo	Titular	Suplente
Presidencia	Susana Cruces Colado	En caso de ausencia ou enfermidade será substituída pola vicepresidenta
Vicepresidencia	Iolanda Galanes Santos	Xosé María Gómez Clemente
Secretaría	Nita Ferreiro Novoa	Antonio Torres González
Vogal	Antonia Nieto Alonso	José Rodríguez González
Vogal	Xermán García Cancela	Mercedes Penoucos Castiñeiras
Asesor/a técnico/a para tradución castelán	Carlos Díaz Abreira	María Miramontes Castro
Asesor/a técnico/a para tradución portugués	Xosé Luis Janeiro	Xosé Manuel Dasilva Fernández
Asesor/a técnico/a para interpretación portugués	Andrés Salter Gómez	Xosé Manuel Dasilva Fernández
Asesor/a técnico/a para tradución francés	Aúrea Fernández Rodríguez	Xoan Manuel Garrido Vilarinho
Asesor/a técnico/a para interpretación francés	Yolanda Veloso Ríos	Xoan Manuel Garrido Vilarinho
Asesor/a técnico/a para tradución inglés	Marta García González	Xosé Manuel González-Puelles Casal
Asesor/a técnico/a para interpretación inglés	Maribel del Pozo Triviño	Xosé Manuel González-Puelles Casal
Asesor/a técnico/a para tradución alemán	Silvia Montero Kúpper	Laura Carballo
Asesor/a técnico/a para interpretación alemán	Juan Manuel Corbacho Valencia	Silvia Montero Kúpper

Cargo	Titular	Suplente
Asesor/a técnico/a para tradución e interpretación éuscaro	Ibón Uribarri Zenokorta	
Asesor/a técnico/a para tradución e interpretación catalán	Mercé López Casas	

2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos á Secretaría Xeral de Política Lingüística, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a este tipo de probas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

A presidenta, na sesión de constitución do tribunal, solicitará dos membros do tribunal declaración expresa de non encontrarse incurso nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorresen as circunstancias previstas nesta base.

De ser o caso, con anterioridade á iniciación das probas, a autoridade convocante publicará no DOG unha resolución pola que se nomeen os novos membros do tribunal, que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas nas alíneas anteriores.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, pódese interpor potestativamente recurso de reposición perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao de publicación desta convocatoria, conforme os artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2008.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 10 de xaneiro de 2008 pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2008.*

A integración plena no contexto europeo exíxenos unha intercomunicación, tanto no plano cultural como no laboral, para a que o coñecemento de linguas estranxeiras se fai imprescindible. A Comisión Euro-

pea, dentro do seu programa de traballo «Educación e Formación 2010», considera que a comunicación nunha lingua estranxeira é unha das competencias clave para a sociedade do coñecemento. A competencia en, polo menos, dúas linguas estranxeiras é unha necesidade para os cidadáns do século XXI, pois contribúe de xeito esencial á súa formación integral. A Administración educativa galega, consciente do seu papel nesa tarefa de formación integral do alumnado, diseña actividades que lle proporcionen a oportunidade de enriquecer os seus coñecementos destas linguas e do seu contorno cultural.

Está recoñecido que a mellor maneira de acadar a competencia lingüística é mediante un proceso de inmersión en que a lingua vehicular sexa a lingua en proceso de aprendizaxe. Para que as familias galegas teñan a posibilidade de facilitar aos seus fillos e fillas

o coñecemento doutras linguas e doutras culturas, ábrese este eixe de actuación ofrecendo actividades de inmersión lingüística que favorezan a mellora da competencia lingüística e fomenten o interese pola cultura.

Por todo iso, e dentro do plan de fomento do ensino-aprendizaxe de linguas estranxeiras, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

### DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto, ámbito da convocatoria e condicións económicas.*

1. O obxecto desta orde é convocar 2.800 axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2008 (desde a última semana de xuño ata o 31 de agosto), tal como figuran na táboa que aparece a continuación:

Curso	Nº prazas	Tipo de aloxamento	Distribución	Lugares de realización e duración
1º e 2º bacharelato	500 1º bach.: 250 2º bach.: 250	Familias ou residencias	400 inglés 100 francés	Canadá
				Tres semanas
2º, 3º e 4º da ESO	2.000		1.700 inglés 300 francés	1º bach.: 200 inglés-50 francés
				2º bach.: 200 inglés-50 francés
				4º ESO
				100 Francia 100 Irlanda 600 Reino Unido
3º ESO	4º ESO: 800	En familias En residencia	700 inglés 100 francés	Reino Unido (1.400)
				Irlanda (300)
				Francia (300)
3º ESO	3º ESO: 700	En familias En residencias	600 inglés 100 francés	Tres semanas
				100 Francia
				100 Irlanda
2º ESO	2º ESO: 500	En residencias	400 inglés 100 francés	500 Reino Unido
				2º ESO
1º da ESO	200	En campamentos ou residencias	200 inglés	100 Francia
				100 Irlanda
6º de educación primaria	100	En campamentos ou residencias	100 inglés	300 Reino Unido
				Distintos puntos da xeografía española
				Dúas semanas
				Comunidade autónoma
				Dúas semanas

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará:

-Os gastos da viaxe desde o aeroporto ou punto de saída dos distintos grupos.

-Os monitores ou monitoras que acompañarán o alumnado en cada un dos grupos durante a actividade, desde o momento de saída ao de regreso.

-Os gastos de docencia, cun programa semanal de clases de entre 15-20 horas, incluíndo libros e material escolar, en ambientes multinacionais.

-As actividades culturais, deportivas e complementarias dos cursos.

-Os gastos de mantenza e aloxamento segundo o réxime que se indica na táboa anterior.

-O certificado de realización da actividade de inmersión.

-O seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

2. As familias do alumnado contribuirán coa achega das contías que se indican para cada un dos grupos. A distribución é a que figura a continuación:

-1º e 2º bacharelato: 300 €.

-2º, 3º y 4º da ESO: 100 €.

-1º da ESO: 50 €.

-6º de educación primaria: 50 €.

As datas concretas de realización das actividades daranse a coñecer na resolución provisional desta orde.

A Administración reserva para si o dereito de adxudicarlles aos solicitantes destino, atendendo na medida do posible as preferencias indicadas na solicitude.

As familias achegarán as cantidades correspondentes á empresa adxudicataria encargada da organización técnica da actividade, segundo as instrucións que se indiquen no artigo 7º.4 desta orde.

Artigo 2º.-*Beneficiarios e requisitos.*

1. Será beneficiario aquel alumnado que cumpra os requisitos que figuran a continuación:

a) Estar realizando 6º de educación primaria; 1º, 2º, 3º, 4º da ESO, 1º ou 2º de bacharelato, en centros sostidos con fondos públicos, durante o curso 2007-2008.

b) Ter, no curso 2006-2007, unha avaliación positiva na área de lingua estranxeira que se vai perfeccionar na estadía.

c) Non ter solicitada nin concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.

d) Non estar incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Poderán solicitar as axudas alumnos e alumnas maiores de 18 anos ou os pais, nais ou titores legais do alumnado menor de idade con domicilio fiscal no territorio da Comunidade Autónoma galega.

3. O alumnado de 2º, 3º, 4º da ESO e o de bacharelato deberá estar en posesión do pasaporte en vigor. Aqueles que non teñan nacionalidade española deberán contar co correspondente visado, tarxeta de residencia ou calquera outra existencia requirida polo país onde se viaxa, segundo corresponda.

Artigo 3º.-*Presentación e prazo das solicitudes.*

1. As persoas que desexen optar á axuda poderán completar, on-line, a solicitude segundo modelo do anexo I que corresponda, en función do curso en que estea matriculado, e os anexos II, III e IV debidamente cubertos que se atoparán como formulario electrónico na páxina web <http://www.edu.xunta.es/axudasle> ou ben cubrir os anexos da presente orde. A solicitude deberá estar asinada polo solicitante (alumnado maior de 18 anos ou pai/nai/titor legal no caso de alumnado menor de idade), e polo director/a do centro educativo onde cursa estudos o/a beneficiario/a verificando o centro, os datos académicos. Posteriormente, e sempre antes de que remate o prazo establecido no punto 2 deste artigo, presentarán esa mesma solicitude e anexos impresos, debidamente asinados, no rexistro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo San Caetano, s/n, código postal 15781, en Santiago de Compostela), ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Se a solicitude se remite por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 4º.-*Documentación.*

1. A presentación da solicitude de concesión de axudas polo interesado/a comportará a autorización ao órgano xestor para pedir as certificacións que deban emitir a Axencia Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia. Se o solicitante, representante legal ou membros da unidade familiar do beneficiario non presentaron declaración, por non estar obrigados a facelo, a acreditación dos seus ingresos familiares efectuarase mediante información de carácter tributaria ou económica facilitada pola Administración tributaria, relativa ás mencionadas parte xeral e especial da base reguladas nos artigos 47, 48 e 49 do Real decreto lexislativo 35/2006, do 28 de novembro.

2. Ás solicitudes achegarase a documentación que se relaciona a continuación:

a) Autorización do solicitante e de todos os membros da familia con ingresos computables para coñecer os ingresos totais da unidade familiar, coa finali-

dade de poder recadar datos de carácter tributario ou económicos que lle fosen legalmente pertinentes á Axencia Estatal de Administración Tributaria relativos ao nivel de renda (IRPF). Esta autorización cubrirase segundo o anexo II. Na medida en que a través deste sistema a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poida dispoñer destas informacións, non se lles exixirá aos interesados a achega individual de certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, nin a presentación en orixinal, copia ou certificación, das súas declaracións tributarias.

b) Declaración de non ter solicitada nin concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade segundo o modelo que figura no anexo III.

c) Fotocopia compulsada do libro de familia en que figuren os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia terá que presentarse un documento ou documentos que acrediten os membros da unidade familiar. No suposto de non convivencia de ambos os proxenitores, deberase acreditar que o solicitante convive cos fillos (certificado de convivencia do concello).

d) Fotocopia compulsada do DNI de todos os membros da unidade familiar.

3. Os solicitantes con circunstancias familiares especiais deberán achegar tamén a acreditación documental que precisen, dependendo do que queiran alegar nas súas solicitudes:

a) Declaración de formar parte dunha familia monoparental en que a persoa que exerce a patria potestade é viúvo/a, pai, ou nai solteiro/a, divorciado/a ou separado/a legalmente, segundo o modelo que figura no anexo IV. Ademais xuntarase fotocopia compulsada da folla do libro de familia en que se acredite esta situación.

b) Fotocopia compulsada da páxina do libro de familia para os casos en que se alegue orfandade do solicitante.

c) Fotocopia compulsada do título de familia numerosa, en vigor.

d) No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar, fotocopia compulsada do certificado do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33% acreditado polo Equipo de Valoración e Orientación de Minusvalía (EVO) da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ou fotocopia da resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) ou de pensionistas de clases pasivas que acredite unha pensión de grande invalidez.

e) Acreditación da situación de desemprego do pai/nai ou titor legal.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

Todas as fotocopias que se remitan deberán ir acompañadas das dilixencias de compulsa.

De acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para aquelas solicitudes que non acheguen os documentos anteriormente sinalados, requirirase o interesado/a para que, nun prazo de dez días, emende as faltas ou remita os documentos preceptivos. De non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

*Artigo 5º.-Comisión seleccionadora.*

A selección das persoas beneficiarias desta convocatoria realizaraa unha comisión integrada polos seguintes membros:

Presidenta: o/a titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.

Vogais: ata un máximo de catro vogais nomeados pola presidenta da comisión de selección, con categoría de subdirector xeral, xefe de servizo ou membros da Inspección Educativa.

Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretaria, con voz e sen voto.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para os efectos de colaborar na valoración dos documentos achegados e na baremación.

Para os efectos previstos no artigo 26.2º do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, esta comisión considérase incluída na categoría 3ª.

*Artigo 6º.-Criterios de selección.*

Os criterios de selección que se terán en conta para conceder esta axuda serán:

1. Renda familiar dos pais/nais dos solicitantes. Por renda familiar entenderase a suma dos ingresos computables obtidos por todos os membros no ano 2006 e entenderase que son ingresos da unidade familiar.

Ao cociente dos ingresos anuais da familia polo número de membros da unidade familiar adxudicáraselle a seguinte puntuación:

- Ata 3.904, 00 €: 10 puntos.
- De 3.904, 01 € a 4.429,00 €: 8 puntos.
- De 4.429,01 € a 4.961,00 €: 7 puntos.
- De 4.961,01 € a 5.484,00 €: 6 puntos.
- De 5.484,01 € a 6.060,00 €: 5 puntos.
- De 6.060,01 € a 6.540,00 €: 4 puntos.
- De 6.540,01 € a 7.072,00 €: 3 puntos.
- De 7.072,01 € a 7.596,00 €: 2 puntos.
- De 7.596,01 € a 8.126,00 €: 1 punto.
- Máis de 8.126,00 €: 0.

2. Circunstancias familiares especiais polas que se poderá engadir ata un máximo de 5 puntos. Considéranse neste punto situacións como:

-Situación de desemprego do pai/nai ou titor legal (presentar certificado do Inem): 0,5/1 puntos.

-Ser orfos de pai e/ou nai (presentar fotocopia compulsada do libro de familia onde consta o falecemento): 1/2 puntos.

-Discapacidade dun dos membros da unidade familiar de grao igual ou superior ao 33% ou sexa pensionista de grande invalidez (presentar certificado do equipo de valoración e orientación de discapacidade): 0,5/1 puntos.

-Pertencer a familias monoparentais: viúvo/a, pai ou nai solteiro/a, divorciado/a ou separado/a legalmente (presentar documentación que xustifique esta situación): 0,5 puntos.

-Pertencer a familias numerosas (presentar título de familia numerosa): 0,5 puntos.

*Artigo 7º.-Procedemento de adxudicación de prazas.*

1. Finalizada a comprobación das solicitudes recibidas, a comisión de selección fará pública a primeira relación de admitidos e de excluídos, xunto coas causas da posible exclusión e coa indicación da documentación que deben emendar, relación que se exporá na web da convocatoria <http://www.edu.xunta.es/axudasle>, no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo de San Caetano) e das súas delegacións provinciais, na Consellería de Presidencia (Oficina de Atención ao Cidadán) e nos taboleiros de anuncios dos centros de ensino primario e secundario.

2. A continuación abrirase un prazo de dez días para emendar erros e a falta de documentación, así como para efectuar reclamacións ou renuncias. A documentación presentada fóra deste prazo de reclamación non será tida en conta para a súa baremación.

3. Transcorrido este prazo, e unha vez avaliados os documentos engadidos, publicarase, nos lugares citados no punto 1, a listaxe provisional de admitidos coa listaxe de suplentes ordenados por puntuación por cada un dos cursos. Nos casos en que se produzan empates na puntuación, resolveranse aplicando o criterio de menor renda por membro da unidade familiar.

4. A continuación abrirase un prazo de 10 días para que os solicitantes remitan por correo certificado con acuse de recibo á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

-Aceptación ou renuncia á axuda segundo o anexo V.

-Xustificante bancario do pagamento á empresa adxudicataria dos cursos no nº de conta bancaria que se indicará nas instrucións que se irán facilitando aos solicitantes a través do enderezo web <http://www.edu.xunta.es/axudasle>.

Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia posterior. A non xustificación do ingreso da cantidade indicada, dentro do prazo, implica a renuncia á praza adxudicada.

-Declaración de non ter solicitada nin concedida ningunha outra axuda coa mesma finalidade no momento de concesión da axuda, segundo o modelo que figura no anexo III.



As prazas vacantes seranlles ofertadas aos alumnos suplentes por chamamento directo, segundo a relación publicada, que seguirán o procedemento establecido neste punto.

5. A comisión seleccionadora elevaralle a proposta definitiva á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá a relación final das persoas seleccionadas.

6. A resolución definitiva publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e exporase na web da convocatoria <http://www.edu.xunta.es/axudasle> e nos taboleiros de anuncios dos centros de ensino primario e secundario.

7. A obtención da axuda falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impedirían, así como a renuncia posterior á resolución definitiva, salvo casos debidamente xustificadas, poderá supoñer, en aplicación do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o reintegro do importe equivalente da axuda e a existencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

8. Contra a resolución definitiva de adxudicación, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo.

#### Artigo 8º.-Comunicación.

Toda a información relacionada co estado das solicitudes ou coa adxudicación de prazas, centros, voos, viaxes e reunión coas familias, farase a través da páxina principal da web, <http://www.edu.xunta.es/axudasle>.

#### Artigo 9º.-Contía das axudas.

O importe total de 4.935.000 € que se distribuirá na presente convocatoria farase con cargo á partida orzamentaria 09.02.423B.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

#### Artigo 10º.-Difusión desta convocatoria.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria elaborará folletos informativos sobre o procedemento de solicitude e de adxudicación que serán enviados aos centros educativos en formato electrónico para que se poidan imprimir e facilitárllelos ao alumnado obxecto desta convocatoria. A dirección de cada centro educativo arbitrará as medidas necesarias para que o contido desta orde sexa coñecido por todos os sectores da comunidade educativa e entregaralle unha copia dela ao Consello Escolar, ao claustro, ás ANPAS e, de ser o caso, ás asociacións de alumnado; así mesmo expoñeranse no taboleiro de anuncios as listaxes provisionais e a definitiva de alumnado selec-

cionado. O contido desta orde e a información complementaria -acreditación dos centros receptores, póliza de seguros e responsabilidade civil, e os seus respectivos enderezos electrónicos- atoparanse na páxina de internet <http://www.edu.xunta.es/axudasle>.

#### Artigo 11º.-Recursos.

Contra esta orde os interesados poden interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

#### Disposición adicional

Para os efectos do disposto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, as persoas solicitantes deberán autorizar expresamente á Administración concedente a inclusión e publicidade nos rexistros regulados no citado decreto dos datos básicos relevantes referidos ás axudas recibidas.

A reserva que o petionario poida facer no senso de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido, segundo dispón a alínea 2 da citada disposición adicional.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

#### Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde adáptase ás normas aplicables do texto articulado da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicada no DOG do 25 de xuño de 2007.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2008.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E  
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## ANEXO I

6º EDUCACIÓN PRIMARIA

Para cubrir pola Administración

Nº SOLICITUDE
CURSO

PROCEDEMENTO <b>PROGRAMA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED504B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## A. DATOS DO ALUMNO/A

NOME	DNI/NIE	DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
------	---------	-------------------	---

## B. DATOS PARA CUBRIR POLO CENTRO

CURSO EN QUE ESTÁ MATRICULADO: <input type="checkbox"/> 6º Educación primaria	LINGUA Inglés	NOTA Aprobado
CÓDIGO	NOME	
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	LOCALIDADE	TELÉFONO
		FAX
CORREO ELECTRÓNICO		
Don/Dona _____ director/a secretario/a do centro educativo, certifica que o/a alumno/a que presenta a solicitude cursa os estudos indicados e certifica a veracidade dos datos académicos desta solicitude.		
_____, de _____ de _____		
Selo do centro		
Asinado:		

## C. DATOS DO PAI, NAI OU TITOR LEGAL

APELIDOS	NOME	DNI/NIE	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="checkbox"/> TELÉFONO:	<input type="checkbox"/> TELÉFONO:	Marque cun X o teléfono onde poida recibir mensaxes de texto (SMS) do estado da súa solicitude	

## D. DATOS DA CONVOCATORIA

1- DESEMPREGO DE PAI E/OU NAI OU TITOR LEGAL	PAI	<input type="checkbox"/> NAI	<input type="checkbox"/>
2- ORFANIDADE DE PAI E/OU NAI	PAI	<input type="checkbox"/> NAI	<input type="checkbox"/>
3- MINUSVALIDEZ DE GRAO IGUAL OU SUPERIOR AO 33% OU PENSIONISTA DE GRANDE INVALIDEZ	PAI/OUTROS	<input type="checkbox"/> NAI/OUTROS	<input type="checkbox"/>
4- FAMILIA MONOPARENTAL			<input type="checkbox"/>
5- FAMILIA NUMEROSA			<input type="checkbox"/>

Quen abaixo asina DECLARA QUE: non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e que presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos parágrafos 3º e 4º de artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 10 de xaneiro de 2008 pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2008.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
Autorizo o meu fillo/a a participar no programa de inmersión lingüística organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
SINATURA DO PAI/NAI/TITOR LEGAL OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
_____, de _____ de _____		DATA DE SAÍDA



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E**  
**ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*ANEXO I*

1º ESO

Para cubrir pola Administración

Nº SOLICITUDE  
 CURSO

PROCEDEMENTO <b>PROGRAMA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED504B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**A. DATOS DO ALUMNO/A**

NOME	DNI/NIE	DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
------	---------	-------------------	---

**B. DATOS PARA CUBRIR POLO CENTRO**

CURSO EN QUE ESTÁ MATRICULADO: <input type="checkbox"/> 1º ESO	LINGUA Inglés	NOTA Aprobado
CÓDIGO	NOME	
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	LOCALIDADE	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO		FAX
Don/Dona _____ director/a secretario/a do centro educativo, certifica que o/a alumno/a que presenta a solicitude cursa os estudos indicados e certifica a veracidade dos datos académicos desta solicitude. _____ de _____ de _____ Selo del centro Asinado:		

**C. DATOS DO PAI, NAI OU TITOR LEGAL**

APELIDOS	NOME	DNI/NIE	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="checkbox"/> TELÉFONO: _____	<input type="checkbox"/> TELÉFONO: _____	Marque con X o teléfono onde poida recibir mensaxes de texto (SMS) do estado da súa solicitude	

**D. DATOS DA CONVOCATORIA**

1- DESEMPREGO DE PAI E/OU NAI OU TITOR LEGAL	PAI	<input type="checkbox"/> NAI	<input type="checkbox"/>
2- ORFANDADE DE PAI E/OU NAI	PAI	<input type="checkbox"/> NAI	<input type="checkbox"/>
3- MINUSVALIDEZ DE GRAO IGUAL OU SUPERIOR AO 33% OU PENSIONISTA DE GRANDE INVALIDEZ	PAI/OUTROS	<input type="checkbox"/> NAI/OUTROS	<input type="checkbox"/>
4- FAMILIA MONOPARENTAL			<input type="checkbox"/>
5- FAMILIA NUMEROSA			<input type="checkbox"/>

Quen abaixo asina DECLARA QUE: non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e que presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos parágrafos 3º e 4º de artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 10 de xaneiro de 2008 pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2008.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
Autorizo o meu fillo/a a participar no programa de inmersión lingüística organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. SINATURA DO PAI/NAI/TITOR LEGAL OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA _____ de _____ de _____	REVISADO E CONFORME _____



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E  
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ANEXO I*  
2º, 3º E 4º ESO

Para cubrir pola Administración

Nº SOLICITUDE  
CURSO

PROCEDEMENTO <b>PROGRAMA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED504B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**PREFERENCIAS DE DESTINO (POÑA 1, 2, 3...)**

<input type="checkbox"/> Inglés no Reino Unido	<input type="checkbox"/> Inglés en Irlanda	<input type="checkbox"/> Francés en Francia
--	--	---

**A. DATOS DO ALUMNO/A**

NOME	DNI/NIE	DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
------	---------	-------------------	---

**B. DATOS PARA CUBRIR POLO CENTRO**

CURSO EN QUE ESTÁ MATRICULADO: <input type="checkbox"/> 2º ESO <input type="checkbox"/> 3º ESO <input type="checkbox"/> 4º ESO	NOTA MEDIA EN LINGUA ESTRANXEIRA NO CURSO ANTERIOR	NOTA: INGLÉS	FRANCÉS
CÓDIGO	NOME		
ENDEREZO			CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	LOCALIDADE	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			
Don/Dona _____ director/a secretario/a do centro educativo, certifica que o/a alumno/a que presenta a solicitude cursa os estudos indicados e certifica a veracidade dos datos académicos desta solicitude.			
_____, de _____ de _____			
Selo do centro _____ Asinado: _____			

**C. DATOS DO PAI, NAI OU TITOR LEGAL**

APELIDOS	NOME	DNI/NIE	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="checkbox"/> TELÉFONO: _____	<input type="checkbox"/> TELÉFONO: _____	Marque cun X o teléfono onde poida recibir mensaxes de texto (SMS) do estado da súa solicitude	

**D. DATOS DA CONVOCATORIA**

1- DESEMPREGO DE PAI E/OU NAI OU TITOR LEGAL	PAI	<input type="checkbox"/> NAI	<input type="checkbox"/>
2- ORFANDADE DE PAI E/OU NAI	PAI	<input type="checkbox"/> NAI	<input type="checkbox"/>
3- MINUSVALIDEZ DE GRAO IGUAL OU SUPERIOR AO 33% OU PENSIONISTA DE GRANDE INVALIDEZ	PAI/OUTROS	<input type="checkbox"/> NAI/OUTROS	<input type="checkbox"/>
4- FAMILIA MONOPARENTAL			<input type="checkbox"/>
5- FAMILIA NUMEROSA			<input type="checkbox"/>

Quen abaixo asina DECLARA QUE: non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e que presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos parágrafos 3º e 4º de artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 10 de xaneiro de 2008 pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2008.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
Autorizo o meu fillo/a a participar no programa de inmersión lingüística organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA ____/____/____
SINATURA DO PAI/NAI/TITOR LEGAL OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA  _____, de _____ de _____	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SAÍDA ____/____/____





**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E  
 ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ANEXO I*  
**BACHARELATO**

Para cubrir pola Administración

Nº SOLICITUDE  
 CURSO

PROCEDEMENTO <b>PROGRAMA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED504B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**PREFERENCIAS DE DESTINO (POÑA 1 ou 2)**

Inglés  Francés

**A. DATOS DO ALUMNO/A**

NOME	DNI/NIE	DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
------	---------	-------------------	---

**B. DATOS PARA CUBRIR POLO CENTRO**

CURSO EN QUE ESTÁ MATRICULADO: <input type="checkbox"/> 1º BACHARELATO <input type="checkbox"/> 2º BACHARELATO	NOTA MEDIA EN LINGUA ESTRANXEIRA NO CURSO ANTERIOR	NOTA: INGLÉS	FRANCÉS
CÓDIGO	NOME		
ENDEREZO			CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	LOCALIDADE	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			
Don/Dona _____ director/a secretario/a do centro educativo, certifica que o/a alumno/a que presenta a solicitude cursa os estudos indicados e certifica a veracidade dos datos académicos desta solicitude.			
_____, de _____ de _____			
Selo do centro _____ Asinado: _____			

**C. DATOS DO PAI, NAI OU TITOR LEGAL**

APELIDOS	NOME	DNI/NIE	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="checkbox"/> TELÉFONO: _____	<input type="checkbox"/> TELÉFONO: _____	Marque con X o teléfono onde poida recibir mensaxes de texto (SMS) do estado da súa solicitude	

**D. DATOS DA CONVOCATORIA**

1- DESEMPREGO DE PAI E/OU NAI OU TITOR LEGAL	PAI	<input type="checkbox"/> NAI	<input type="checkbox"/>
2- ORFANDADE DE PAI E/OU NAI	PAI	<input type="checkbox"/> NAI	<input type="checkbox"/>
3- MINUSVALIDEZ DE GRAO IGUAL OU SUPERIOR AO 33% OU PENSIONISTA DE GRANDE INVALIDEZ	PAI/OUTROS	<input type="checkbox"/> NAI/OUTROS	<input type="checkbox"/>
4- FAMILIA MONOPARENTAL			<input type="checkbox"/>
5- FAMILIA NUMEROSA			<input type="checkbox"/>

Quen abaixo asina DECLARA QUE: non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e que presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos parágrafos 3º e 4º de artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 10 de xaneiro de 2008 pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2008.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
Autorizo o meu fillo/a a participar no programa de inmersión lingüística organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA ____/____/____
SINATURA DO PAI/NAI/TITOR LEGAL OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA  _____, de _____ de _____	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SAÍDA ____/____/____

## ANEXO II

**MODELO DE AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA QUE A DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA POIDA RECADAR DATOS TRIBUTARIOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF)**

A/s persoa/s que abaixo asina/n autoriza/n a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para solicitarlle á Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da axuda.

A presente autorización outórgase para os efectos do recoñecemento, seguimento e control da subvención e/ou axuda mencionada anteriormente, e en aplicación do disposto pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 85.1º k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo de autorización do/a interesado/a, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

DATOS DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR QUE OUTORGAN AUTORIZACIÓN CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECEMENTO, SEGUIMENTO E CONTROL DA AXUDA. (Unicamente maiores de 18 anos)

<i>PARENTESCO CO/A ALUMNO/A</i>	<i>NOME E APELIDOS</i>	<i>NIF</i>	<i>SINATURA</i>
PAI/Titor/a			
NAI/Titor/a			
IRMÁ(N)			
IRMÁ(N)			
IRMÁ(N)			

, de de

NOTA: a autorización concedida polo/a asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido á directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

## ANEXO III

**DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS CONCEDIDAS PRESENTADA POLO/A ALUMNO/A**

Don/Dona  como pai/nai/titor legal do/a alumno/a

Con domicilio en  código postal

Concello  con NIF/NIE nº

Tendo presentada unha solicitude de axudas ao abeiro da Orde do \_\_\_\_\_, pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística no verán do 2008.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que ten solicitadas ou concedidas as seguintes axudas de calquera Administración ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades en relación co proxecto desta solicitude:

<i>Estado (solicitada/concedida)</i>	<i>Organismo</i>	<i>D. solicitude/resolución</i>	<i>Disposición</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Que non ten solicitada ou concedida ningunha outra axuda para a participación en actividades de inmersión lingüística coa mesma finalidade que as previstas nesta orde de convocatoria.

E, para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

, de de

(sinatura do pai, nai ou titor legal)

## ANEXO IV

Don/Dona:  con DNI nº  como pai,  
nai ou titor legal do/a alumno/a  con DNI nº

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que son o/a sustentador/a da familia debido á seguinte causa:

Pai/nai solteiro/a

Viúvo/viúva

Divorcio ou separación

Outras (indíquese cales)

E, para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

## ANEXO V

(remitirase unha vez se publique a listaxe provisional de alumnado seleccionado)

## ACEPTACIÓN OU RENUNCIA Á AXUDA CONCEDIDA

Don/Dona

pai/nai/titor legal de  con DNI nº

beneficiario/a da axuda concedida ao abeiro da Orde do \_\_\_\_\_, pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2008.

RENUNCIO Á AXUDA

ACEPTO A AXUDA, autorizándoo a participar no programa de inmersión lingüística organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a recibir a atención médica que de ser o caso fose necesaria. Asemade, manifesto o meu coñecemento de que, no caso de producirse algún incidente que aconsellara a interrupción do programa, poderá regresar antes da data prevista.

Alerxias do/a alumno/a ou necesidades médicas especiais:

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asinado:

Remitir por correo certificado xunto co xustificante de ingreso de  € no número de conta indicado.